

LUGARES PARA VISITAR

• **Mosteiro de Santa María de Monfero** en San Fiz, de grande interese cultural pola súa singularidade como monumento cuxa orixe vai ata, cando menos o século X.

• **Lagares** na parroquia tamén de San Fiz, é un conxunto emblemático por mor das súas características morfolóxicas, antropolóxicas e culturais e que, para alén de todo o anterior, ofrece unhas imaxes únicas no concello.

• **Carballeira** no lugar do Dez, na parroquia do Alto de Xestoso, cunha ponte medieval e muíños de auga.

• Singulares pola súa antigüidade son as **capelas** de *San Andrés da Ribeira*, *a de San Bartolomeu*, *a de San Ildefonso* e *a da Ascensión*.

• Os **cruceiros** están considerados bens de interese cultural (BIC) e convén destacarmos o de *Santa Mariña de Taboada*, o de *San Xurxo de Queixeiro*, o de *Santa María de Vilachá*, o do *adro de San Fiz*, o da *porta principal do Mosteiro*, o de *Santa Xiá*, o de *Rioseco*, o de *Caxiao*, o das *Dureixas* e o da *Graña* no Alto de Xestoso.

• O lugar de **Abercovo**, un pequeno val na parroquia de Vilachá, estremeiro con Vilarmaior, ten un engado especial.



SENDEIRISMO

• Dende o Mosteiro de Santa María de Monfero, cara á Visura, chegamos ao monte **Castelo**, unhas rochas de considerable altitude das que se enxerga unha panorámica do mar, continuamos cara a Queixeiro e logo de pasar Rodeiro, introducímonos na fraga e baixamos deica o **Parrote**.

• **Rota dos muíños**, dende Galteiros ata as Aceas e a fervenza do Pozo Mouro en San Fiz.

• Dende **Rioseco en Santa Xiá** ata a ponte de Cernadas na mesma parroquia.

• **Dende a ribeira do río Frei Bermudo**, no Alto de Xestoso chegamos á confluencia co Eume en Lagares e gozamos de paisaxes e muíños.

• No lugar da **Torre de San Bartolomeu** seguimos o camiño que baixa cara ao río do mesmo nome.

ROTAS EN BICICLETA

• Dende o miradoiro de Penafesa entre as parroquias de San Fiz e o Val de Xestoso, baixamos polo camiño da esquerda, chamado dos franceses, que nos levará pola fraga ata a **Fonte Mineral**, de augas ferruginosas ás que se lles atribúen propiedades para sandar os males dixestivos. Se seguimos, chegamos á Pila da Leña e de aí ao Mosteiro ou ao monte Castelo.

• Dende Queixeiro, ao pasarmos a Igrexa, seguimos polo camiño da dereita para chegarmos aos **Gotes** e de aí por Pazos ata a Visura e dar no Mosteiro e nos arredores.

• En Santa Xiá, desde **Xabariz** ata a Illa de San Fiz.

ROMARÍAS

• **Romaría da Virxe da Cela** no Mosteiro o primeiro de xullo que non sexa o día 1.

• **Romaría dos Remedios** no Val de Xestoso, santuario mariano, o primeiro domingo do mes de setembro.

• **San Xiao e San Miguel**, o 7 de xaneiro e o 29 de setembro respectivamente, na capela de Lagares.

• Na Capela da **Ascensión** no Val de Xestoso, o último domingo de maio.



CONCELLO DE MONFERO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
RED NATURA 2000



ONDE COMER



Cantina Capellán
A Ponte da Pedra - Queixeiro. Tel. 981 79 38 30



Cantina O Francés
O Francés - San Fiz. Tel. 981 79 38 43



Restaurante-Casa Juan
As Travesas - San Fiz. Tel. 981 79 38 03

ONDE DURMIR



Casa Lourán - informacion@casalouran.com - <http://www.casalouran.com>
As Restrebas - O Val de Xestoso. Tels. 981 19 54 78/636 19 88 47



Casa Don Bernardo - casadonbernardo@gmail.com
A Graña - O Alto de Xestoso. Tel. 981 79 33 43 - <http://www.casadonbernardo.com>



Casa de Graña da Acea
casarural@granhadacea.com <http://www.granhadacea.com>
Acea, 4 - San Fiz. Tels. 981 78 82 82/639 65 23 31



Camping Fragadeume - correo@campingfragadeume.com
Redondo - Queixeiro. Tel. 981 19 51 30 - <http://www.campingfragadeume.com>



Casa Piñeiro - Casaruralpineiro@casaruralpineiro.com
O Regueiro - San Fiz, 1. Tel. 665 92 10 12 - <http://www.casaruralpineiro.com>



Casas do Campo - <http://www.casasdocampo.es>
Regueiro, 1 - O Val de Xestoso. Tels. 881 06 23 16/636 95 99 88/667 70 75 70



Monfero rural - info@monferorural.es - <http://www.monferorural.es>
Malló, 2 - San Fiz. Tels. 662 350 100/607 928 632



Rodeo da Casa - rodeodacasa@yahoo.es - <http://www.rodeodacasa.com>
O Reto - O Val de Xestoso. Tel. 607 80 01 21

O Concello de Monfero encóntrase situado no límite oriental da provincia da Coruña e confina cos municipios de Aranga, Irixoa, Vilarmaior, As Pontes, A Capela, Cabana e Pontedeume da provincia da Coruña e cos lucenses de Xermade e Guitiriz. A súa extensión, 173,28 quilómetros cadrados, convérteo nun dos concellos maiores de Galicia. A súa superficie é eminentemente montañosa e sobresa a Serra da Loba con cotas superiores aos 600 metros e no centro o monte Pendella con 712 metros de altitude.

Os ríos máis importantes son o Eume e mais os seus afluentes, o Frei Bermudo e o San Bartolomeu, así coma o Lambre e o Porto, amais dos seus inúmeros regatos cos seus rápidos, cachóns e muíños. A fartura destas terras dá como froito uns grelos con sona en toda a provincia. Outros produtos que cómpre destacar son o mel, os queixos e a carne de cabritos e tenreiras criados ceibos nos seus montes.